

TERRA NOVA

Igrexario, 10 - A Regueira
15380 Oza - Cesuras(A Coruña)
Teléfono: 981 792 453
Email: adminterranova@telefonica.net
Web: www.parrilladaterranova.es



INFORMACIÓN GENERAL

Ao establecemento accédese dende o aparcadoiro pola porta principal que presenta un chanzo de 4 cm de altura, existe unha entrada accesible alternativa con pendente anterior á porta. Na planta interior distribúese a zona do bar, dous comedores e os aseos adaptados. Á terraza-comedor exterior pódese acceder dende o interior mediante unha rampla ou dende o exterior, por un portalón de máis de 3 m de ancho, avisando previamente o persoal de atención ao público para a apertura deste.

Atención ao público e outra información de interese

- Ofrecen menú para celíacos, previo aviso.
- Ofrecen menú para diabéticos, previo aviso.
- Ofrecen menú para vexetarianos, previo aviso.
- Non dispoñen de carta en braille.
- O persoal de atención ao público non coñece a Lingua de Signos Española (LSE).
- Permítese o acceso ao can de asistencia.
- Non existe un plan de emerxencia que contemple a evacuación das persoas con discapacidade.

Acceso e zona de atención ao público

- A beirarrúa pola que se accede ao establecemento está ao mesmo nivel que o aparcadoiro cun ancho de 1,10 m. Polo resto do percorrido da beirarrúa a altura desta varía entre os 9 e os 12 cm. Ten un ancho libre de paso de 1,89 m.
- A entrada principal do establecemento ten un chanzo de 4 cm de altura, con dúas portas contiguas, a primeira permanentemente aberta, cun oco de paso de 80 cm, e a segunda, parcialmente de vidro, que abre cara ao exterior, de 80 cm de ancho. Entre ambas as dúas portas hai unha distancia de 1 m.
- A entrada alternativa, polo lateral do establecemento, ten un ancho de paso de 80 cm, e unha pendente previa na beirarrúa cunha inclinación do 12,2% durante 1,70 m e cun ancho superior a 1,20 m. Anterior a esta pendente hai un espazo de xiro 1,50 m.
- A porta non ten un timbre de chamada.
- O itinerario ata a zona de atención ao público é accesible sen desniveis.

ACCESIBILIDADE FÍSICA

Bar

Situación e itinerario

O bar está situado na planta principal e o itinerario é accesible. Dende a porta alternativa chégase á zona do bar mediante dous itinerarios. Un directamente fronte a esta porta, onde a barra só ten unha altura. O outro itinerario presenta unha porta sempre aberta, parcialmente de vidro, que deixa un ancho de paso de 83,5 cm . Aquí a barra presenta una dobre altura.	
Características	
Desniveis: non existen	Ancho mín. do espazo de circulación: >1,20 m
Tipo de chan: homoxéneo e antiescorregadizo	Chan enmoquetado: non e non dificulta a rodaxe cadeira de rodas
Barra de dobre altura: si	Altura da barra non adaptada: 1,08 m
Altura da barra adaptada: 83 cm	Altura, fondo e ancho libre baixo a barra adaptada: 0 cm, 11,5 cm, > 2 m
Barra con bancos: si, móbiles	Altura máx. e mín. dos bancos da barra: 78 cm
Salón comedor	
Situación e itinerario	
O salón comedor está situado na planta principal e o itinerario é accesible. Accédese directamente a el dende a porta alternativa accesible.	
Características	
Desniveis: non existen.	Ancho mín. do espazo de circulación: > 1,20 m
Tipo de chan: homoxéneo e antiescorregadizo	chan enmoquetado: non e non dificulta a rodaxe da cadeira de rodas
Tipo de mesas: móbiles, cadradas e rectangulares, de catro patas	Tipo de aproximación á mesa coa cadeira de rodas: frontal
Altura da mesa: 73 cm	Altura, fondo e ancho do espazo de aproximación frontal: 71,5 cm, > 60 cm, > 80 cm
Comentarios: Dispoñen duns tacos de madeira para colocar nas patas das mesas que lle proporcionaría 12 cm máis de altura á mesma e permite unha mellor aproximación.	
Aseo adaptado	
- No establecemento hai un aseo para usuarios de cadeira de rodas, que coincide co de señoras. Non está sinalizado con el Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA) e accédese por un itinerario accesible. - O aseo adaptado non ten cabinas.	
Aseo adaptado (é o de señoras)	
Porta do aseo: corrediza cara a dereita con ancho de paso de 78 cm	Tipo de pomo: polo exterior sen pomo e polo interior con tirador vertical situado a 1,23-1,43 m de altura
Nº de aseos adaptados: 1	Está sinalizada co SIA: non
Ferrollo ábrese dende o exterior: si	Diámetro libre de xiro en interior: Ø 1,42 m
Tipo de iluminación: con sensor	No interior hai un sistema de solicitude de axuda: non
Lavabo	
Situación: dentro	Tipo de billa: monomando
Altura libre baixo o lavabo: 69 cm	Fondo libre baixo o lavabo: 45,5 cm

Altura do bordo inferior do espello: 1,40 m, non inclinado	Altura dos accesorios: 1-1,58 m
Inodoro	
espazo de acceso ao inodoro: esquerdo 1,58 m, frontal 67 cm	Altura do asento: 47 cm
Tipo e altura de mecanismo de descarga: presión en parede a 1,03-1,09 m	No lado esquerdo, tipo de barra e altura: barra abatible a 60,5-76,5 cm

ACCESIBILIDADE VISUAL

Bar

Situación e itinerarios

O bar está situado na planta baixa a continuación da porta de entrada principal. Unha vez pasada a porta o itinerario non presenta desniveis.

Características

Portas de cor contrastada: non	Portas de vidro con marcas de cor contrastada: non hai
Desniveis: non existen	Tipo de chan: homoxéneo e antiescorregadizo
chan enmoquetado: non e non dificulta o desprazamento de persoas con discapacidade visual	Elementos beirís: non hai
Tipo de iluminación: homoxénea	Barra do bar con iluminación dirixida: si

Salón Comedor

Situación e itinerarios

O salón comedor está situado na planta principal a continuación da porta de entrada, un de eles, e o outro ao fondo do primeiro tras atravesar un oco de paso (porta sempre aberta) de **83,5 cm** de ancho. O itinerario dende a entrada, unha vez pasada a porta de acceso ao establecemento ata o salón é accesible sen desniveis.

Características

Portas de cor contrastada: si	Portas de vidro con marcas de cor contrastada: si
Desniveis: non existen	Tipo de chan: homoxéneo e antiescorregadizo
chan enmoquetado: non e non dificulta o desprazamento de persoas con discapacidade visual	Elementos beirís: non hai
Tipo de iluminación: homoxénea	Mesas con iluminación dirixida: non

ACCESIBILIDAD AUDITIVA

Información e orientación

Rótulos de sinalización informativos e direccionais: non hai	Rótulos facilmente identificables coa vista: non
Sinais de evacuación: visuais	

Salón comedor

Mesas redondas dispoñibles: non	Información escrita do menú do día: non
Aseos	
Sistema de peche de portas cun sinal visual de ocupado ou libre: si	Portas de cabina cunha banda libre inferior que permite visualizar si hai alguén dentro: non

Outras estancias e servizos	Situación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior	Accesible	Tipo de pavimento: asfalto, homoxéneo e antiescorregadizo . Algunhas das prazas están delimitadas. Non hai prazas delimitadas reservadas para PMR.
Terraza	Exterior na parte traseira do edificio	Accesible	Espazo adecuado para a circulación coa cadeira de rodas: si Altura barra: 1,05 m Altura de mesa: 72,5 cm Altura baixo mesa: 69,5 cm Ancho baixo mesa: 1,08 m Fondo baixo mesa: 79 cm
Sinalización	Xeral do establecemento	(igual que o anterior)	Rótulos do mesmo formato: si Altura dos rótulos: >2,5 m (sinalización cara aos aseos) Tamaño de letra: 4-5 cm Textos e iconas de cor contrastada: si Textos e iconas en braille: Non Textos e iconas en altorrelevo: Non Iconas homologadas: Non